

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO

Blas Varela, María Esther de  
Caparrini Marín, Natalia  
Doval Ruíz, María Isabel  
Michinel Álvarez, Miguel Ángel  
Míguez Tabarés, José Luis  
Ramos Cabrer, Manuel  
Reigosa Roger, Manuel Joaquín  
Rubio Armesto, María Belén  
Soto Carballo, Jorge Genaro  
Souto García, Raquel  
Valderrama Santomé, Mónica

### DECANOS/DIRECTORES

Cruz Freire, José Manuel  
Cruz González, M<sup>a</sup> Montserrat  
Currás Valle, Consuelo  
Díaz Redondo, Rebeca Pilar  
Ferro Soto, Antonio Carlos  
García Cutrín, Francisco Javier  
Garrote Velasco, Gil  
Lantarón Caeiro, Eva María  
Lavilla Beltrán, Isela  
Montero Reguera, José Francisco  
Pardo Froján, Juan E.  
Picos Martín, Juan  
Reboreda Morillo, Susana  
Rodríguez Martínez, Francisco Javier  
Torres Romay, Emma

### PDI-A

Collazo Fernández, Antonio  
Gómez Rodríguez, Alma M<sup>a</sup>  
Pazos Arias, José Juan  
Peña Gallego, M<sup>a</sup> de los Ángeles  
Porteiro Fresco, Jacobo  
Rivo López, Elena  
Siota Álvarez, Mónica

### PDI-B

Ferreiro Vázquez, Óscar  
Torres Outón, Sara M<sup>a</sup>

### ESTUDANTES

Diz Folgar, Manuel  
Ramos Vázquez, Antonio Manuel

### PAS

Cebro Rodríguez, Xoan  
Mollinedo Lois, Carlos

### CONSELLO SOCIAL

Calviño Rodríguez, Xulio  
Pedrosa Silva, Ernesto

### SINDICATOS

Pazos Currás, Marta María  
Pérez Gómez, Luis  
Ríos Santomé, M<sup>a</sup> José  
Vera Isasa, María

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Falagán Mota, Jorge  
González Santamaría, Pedro

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 01 de outubro de 2021, convocada para ás 09:30 h. en primeira convocatoria e ás 10:00 h. en segunda, na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo.

Ás 10:00 do día 01 de outubro de 2021 comeza a sesión, acadado o quórum en segunda convocatoria, presidida polo reitor, na Sala 18 (Consello de Goberno) do Campus Remoto. O reitor, o secretario xeral e outros membros do equipo de goberno asisten presencialmente no Paraninfo, xunto coas persoas que así o solicitaron con carácter previo. Os restantes asistentes conéctanse en liña, sen que consten particulares incidencias. Permítese asistir virtualmente, sen voz e sen voto, mediante un sistema de streaming con contrasinal por UVigo TV. Previamente ao comezo da reunión, expúxose o seguinte aviso:

*“Se hai problemas técnicos, inténtao de novo ou revisa se no teu correo te chega unha invitación a unha sala alternativa coa correspondente clave.*

### NORMAS

*Conexión do micro e do vídeo:*

- *Para a identificación dos membros por parte do secretario xeral (antes do inicio da sesión)*
- *Nas quendas de palabra.*

*Intervencións: máximo 5 minutos*

*Uso do chat: para pedimentos de palabra e de “votación”.*

*En cada punto:*

- *Proposta de aprobación por asentimento*
- *Petición de intervención coa palabra “debate” no chat (un minuto)*

• *Se non hai petición de “debate” e de “votación”, procederase á aprobación por asentimento*

• *Se hai petición de “votación”, farase coa ferramenta da que dispón a aplicación nun tempo limitado*

• *Suma dos votos das persoas conectadas e dos membros presentes no Paraninfo que non estean conectados e anuncio do resultado das votacións por parte do secretario xeral”.*

Os asuntos a tratar son os seguintes, consonte á orde do día.

**1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes á sesión ordinaria do 27 de xullo de 2021 e á sesión extraordinaria do 16 de setembro de 2021.**

O reitor informa de que non se recibiron alegacións ás actas.

Apróbanse por asentimento.

**2. Informe do reitor.**

O reitor informa sobre os seguintes asuntos:

- Xestión de datos de selectividade por parte da USC. Desde hai moitos anos, celébrase unha entrega de premios en Santiago á que a USC invita ás persoas cos mellores expedientes. Este uso de información privilexiada, que non temos o resto das universidades, tratouse nunha xuntanza entre os tres reitores a finais de xullo. O acordo é que a partir da vindeira selectividade, as tres universidades teremos idéntica información, co que poderemos optar por utilizar eses datos como consideremos oportuno.
- Edifícios na ETEA: polo de agora, unicamente temos confirmado o edificio Faraday. Estamos á espera da posible cesión do edificio Morse por parte da Xunta de Galicia e do edificio Siemens por parte de Zona Franca.
- Despois de anunciar no Claustro que non íamos a avanzar coa proposta de baixar titulacións á ETEA nin a López Mora, chegaron varias solicitudes:
  - A Facultade de Ciencias do Mar propón a baixada á ETEA (grao en Ciencias do Mar e máster en Oceanografía).
  - A Comisión Académica do máster de Bioloxía Mariña solicita impartir a docencia na ETEA (pertence á Facultade de Bioloxía).
  - A Comisión Académica do máster de Acuicultura está valorando opcións.
  - A Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo visitou as instalacións de López Mora antes de tomar unha decisión.
  - Dado que o proxecto global non vai ir adiante, comprometémonos a estudar estas solicitudes e buscar acomodo se é posible.
- Prioridade 0: Planta piloto e CACTI no edificio Campus Auga de Ourense.
- Prioridade 1: Edificio para a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo (Ourense). Levará aparellada a solución dentro do Campus dos espazos docentes de Relacións Internacionais.
- Prioridade 2: Unha vez clarexada a dispoñibilidade dos terreos da antiga TAFISA, programarase un edificio para dar acubillo ás futuras Facultades de Deseño e de Dirección e Xestión Pública.

- Prioridade 3: Edificio para Intelixencia Artificial, que supoñerá unha ampliación do edificio da Escola de Enxeñaría Informática do Campus de Ourense, dada a próxima implantación desta titulación, que se espera atraia bastante alumnado.
- Outros: Na ETEA poderase ubicar o Centro de Investigacións Mariñas, o Campus do Mar e a Escola de Posgrao. Estudiarase si é posible levar a Facultade de Ciencias do Mar e os mestrados que solicitaron estar alí.
- Cuestións mais relevantes para o futuro
- Plan de financiamento:
  - Temos un principio de acordo sobre o importe total para o primeiro ano do novo plan.
  - Estamos finalizando a negociación de dous aspectos importantes: a senda de crecemento durante o plan, e os criterios de reparto dos fondos por obxectivos.
- Titulacións:
  - O acordo sobre titulacións de mestrado novas (plan G2030) é completo, seguen avanzando os traballos xa polos delegados das reitorías. Esperamos boas novas relativas a Intelixencia Artificial (grao e máster), o resto comezaron mais tarde pero van moi ben.
  - En breve, negociaremos novos graos ó abeiro do acordo unánime de criterios.
  - José Montero Reguera, nomeado membro do xurado do Premio Cervantes.
  - Premio Nacional a la Mejor Traducción 2021: Helena Cortés Gabaudán, pola tradución do alemán ó castelán de El Diván de Oriente y Occidente de Johann Wolfgang von Goethe.
  - PROGRAMA INTERREG ESPACIO ATLÁNTICO (2014-2020)\_3ª CONVOCATORIA RESTRINXIDA: Este mes haberá unha convocatoria restrinxida a proxectos aprobados en anteriores convocatorias, incluíndo aqueles xa pechados. Neste marco, invitarase a que se expoñan traballos, acción e socios adicionais que engadan mais valor as súas actividades, obxectivos e resultados acadados.

### **3. Aprobación, se procede, da proposta de prezos máximos por docencia e por coordinación nos títulos propios de especialización académica.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado (VOAP) para que expoña o punto, quen comenta os distintos prezos propostos, aprobados por asentimento pola comisión de estudos propios:

- Por hora de docencia:
  - Docencia síncrona: 160 €/h (300 €/h en casos excepcionais)
  - Atención personalizada ou titorización: 80 €/h
  - Tarefas de avaliación: 60 €/h

- Titorización de prácticas externas: 50 €/h
- Titorización de traballos fin de curso ou fin de mestrado: 50 €/h
- Por Coordinación:
  - Mestrado propio: Máximo global de 6.000 euros. (ou 15%)
  - Especialista, experto ou diploma de formación superior univ.: 3.000 € (ou 10%)
  - Cursos avanzados de posgrao o de formación universitaria: 1.500 € (ou 10%)

Apróbanse por asentimento os prezos máximos por docencia e coordinación nos títulos propios.

#### **4. Aprobación, se procede do acordo sobre mobilidade do Profesorado Contratado Doutor interino e Funcionario interino dos Corpos Docentes.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Organización Académica e Profesorado para que expoña este punto, quen indica que se trata de facer extensivos ao profesorado contratado doutor interino e funcionario interino dos corpos docentes universitarios os dereitos recoñecidos ao persoal investigador funcionario de carreira ou laboral fixo no artigo 17 da Lei 14/2011, de 1 de xuño, “da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación”, nas mesmas condicións que son de aplicación a estes últimos, *incluíndo os dereitos referentes á creación da praza fixa correspondente e á reserva de posto de traballo*. Xurdiu este asunto por razón da solicitude que se tratará no punto seguinte desta mesma orde do día. Trátase dun asunto no que xa existe xurisprudencia a favor, incluso da Unión Europea e foi avalada polo xefe do Servizo de PDI e pola Xerencia, así como polo propio interesado. Foi aprobada por maioría da mesa de negociación, onde se engadiu o texto que figura en cursiva. O reitor comenta que haberá que avanzar para estender os dereitos do persoal interino, baseándose na doutrina da Unión Europea a este respecto.

Apróbase por asentimento o acordo sobre mobilidade do profesorado CD interino.

#### **5. Aprobación, se procede, dunha solicitude de excedencia temporal nas condicións previstas no artigo 17 da Lei 14/2011 da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Ordenación Académica e Profesorado para que expoña este punto. Trátase da solicitude de D. Angel Aday Jiménez Alemán.

- Contratado Doutor interino na Área de Dereito Constitucional.
- Destino: “Centro de Estudos Políticos y Constitucionales” de Madrid.
- Praza de investigador “García Pelayo”, en convocatoria competitiva.
- Duración: 3 anos.
- Data límite de incorporación: 4 de outubro de 2021.

Apróbanse por asentimento a solicitude de excedencia temporal.

**6. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Centro Universitario da Defensa da Escola Naval Militar de Marín (CUD- ENM).**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que o texto conta con todos os informes positivos e foi elaborado polo propio centro.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do CUD-ENM.

**7. Aprobación, se procede, da prórroga do protocolo para o desenvolvemento do programa-soporte á xestión económica de grupos de investigación para o ano 2022.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen expón o seguinte:

- 2010, 2013, 2018 houbo unha evolución desde o contrato-programa ao programa-soporte.
  - Solicitante: persoal investigador, GI, conxunto de Gis, AE, CSI
  - Ingresos: PC e PT, transferencias, redistribucións, art. 83, proxectos europeos, recursos de departamentos, ingresos de congresos, xornadas, cursos, ...
  - Cantidade mínima: 8000 €
  - Prazo máximo: 4 anos
  - Gastos: inventariable, funxible, persoal, viaxes, dietas, reparacións, subcontratacións, bolsas,...
  - Incorporación de remanente: 50 % (mesmo ano) 25 % (ano anterior)

A proposta é prorrogar para o ano 2022 nas mesmas condicións

Apróbanse por asentimento a prórroga do programa soporte.

**8. Aprobación, se procede do Regulamento de réxime interno do Centro en Tecnoloxía, Enerxía e Procesos Industriais (CINTECX).**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e ao subdirector do CINTECX, que pediu estar presente con voz pero sen voto. Expóñese que o centro foi creado por acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 6 de xuño de 2019 e aprobado polo Consello Galego de Universidades o 14 de xuño de 2020. O regulamento conta cos informes favorables. O esquema é o seguinte:

- Preámbulo
- Capítulo preliminar. Disposicións xerais
- Capítulo I. Organización e gobernanza
- Capítulo II. Persoal do centro
- Capítulo III. Funcionamento
- Capítulo IV. Política de publicación e de visibilización do centro

- Capítulo V. Reforma do regulamento
- Disposición final
- Anexo I. Solicitud de adscrición ao CINTECX de grupos ou de investigadores
- Anexo II. Listaxe de grupos de investigación de CINTECX coa data da súa creación.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do CINTECX.

**9. Aprobación, se procede, do convenio de creación, así como do regulamento de réxime interno do centro Economics and Business Administration for Society (ECOBAS).**

O reitor cede de novo a palabra á vicerreitora de Investigación, quen sinala o procedemento de aprobación da creación do centro interuniversitario ECOBAS: claustro do 13 de abril de 2021 e Consello de Goberno do 14 de maio de 2021. O convenio e o regulamento de réxime interno co informe favorable de Asesoría Xurídica e a Comisión de Investigación. O esquema do regulamento é o seguinte:

- Capítulo 1: denominación, natureza, fins e sede
- Capítulo 2: organización e estrutura
- Capítulo 3: persoal
- Capítulo 4: réxime económico.

Apróbanse por asentimento o convenio de creación e o Regulamento de réxime interno de ECOBAS

**10. Aprobación, se procede, da creación do Centro de Investigación sobre Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC), así como dos seus correspondentes convenio, plan estratéxico e regulamento de réxime interno.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen explica que a aprobación da creación do Centro Interuniversitario en Paisaxes Atlánticas Culturais (CISPAC): Comisión de investigación do 28 de abril de 2021 e Claustro do 28 de xuño de 2021.

- CISPAC propónse como un centro interuniversitario de investigación de nova xeración que ten como misión a investigación sobre as paisaxes desde unha perspectiva transdisciplinar, na procura de dar respostas epistémicas aos retos contemporáneos (demográficos, ambientais, culturais) para producir dende o coñecemento outra forma de ollar e traballar a Paisaxe, a Produción e o Patrimonio, dende a identidade, a participación e a sustentabilidade.

O proxecto do CISPAC inclúe:

- Axenda científica
- Análise externa

- Análise interna
- DAFO
- Reflexión estratéxica
- Plan de acción 2021-2025

A vicerreitora de Investigación detalla distintos aspectos do centro (campos, liñas, programas, aliñamento cos ODS) que conta como investigadores garantes os seguintes:

- Stefania Barca
- Jose María Cardesín Díaz
- Jacob Coperman
- Ramón Fábregas Valcarcel
- Lourenzo Fernández Prieto
- Marco V. García Quintela
- Rubén C. Luis González
- Edelmiro López Iglesias
- Laura Oso Casás
- Xavier Simón Fernández

Tras expoñer os programas e o modelo de gobernanza, a vicerreitora de Investigación sinala a estrutura do Regulamento:

- Capítulo 1: denominación, natureza, fins e sede
- Capítulo 2: organización e estrutura
- Capítulo 3: persoal
- Capítulo 4: réxime económico

Apróbase por asentimento o punto.

#### **11. Aprobación, se procede, da modificación do Regulamento do investigador/a visitante.**

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Investigación quen expón en primeiro lugar que o Regulamento foi aprobado no Consello de Goberno do 1/07/2020, recibíndose desde entón 108 visitantes de diversas nacionalidades (a vicerreitora expón varios cadros e diagramas para ilustralo).

A primeira modificación corresponde ao artigo 2º “Definición do persoal investigador visitante e do alcance da súa condición”: No caso dos investigadores/as predoutorais rexistrados como investigadores/as visitantes deberán, ademais, formalizar a súa matrícula na Universidade de Vigo nun programa de doutoramento concreto ou no programa xenérico da Escola Internacional de doutoramento–Eido– (no caso de que non atopen dentro da oferta de programas de doutoramento da Universidade de Vigo unha liña de investigación afín a aquela en que están traballando) baixo a modalidade de matrícula de «Estadía» polo tempo da súa duración, agás aqueles cuxa estadía sexa inferior a un mes.

• Aqueles investigadores/as predoutorais matriculados nun programa de doutoramento interuniversitario nunha universidade diferente á Universidade de Vigo, pero no que esta é participante, non terán a obriga de matricularse, xa que, segundo a normativa, xa teñen pagada a matrícula do curso enteiro na súa universidade de orixe.

• No caso de que a estada dos investigadores/as predoutorais teña lugar ao abeiro dunha rede ou dun programa europeo de colaboración entre investigadores/as, no que a Universidade de Vigo estea implicada, será a Vicerreitoría de Investigación a que determine a necesidade ou non da matrícula”.

A segunda modificación refírese ao artigo 7 “Deberes e dereitos dos anfitrións e anfitrías da visita”: “Os investigadores/as da Universidade de Vigo que reciban un investigador/a visitante poderán solicitar a emisión dun certificado que acredite esta circunstancia”.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas.

## **12. Aprobación, se procede, dos acordos do Comité asesor covid-19.**

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Planificación e Sostibilidade, quen expón os acordos acadados, que foron axuntados co resto da documentación:

1. Sobre a impartición de docencia mediante campus remoto, decídese que, no caso de alumnado que acredite:
  - necesidade de gardar corentena por COVID-19 segundo os criterios establecidos polas autoridades sanitarias,
  - ou atoparse en situación de infección activa por COVID-19,
  - ou ben a súa condición de vulnerable por atoparse en situación de inmunodeficiencia ou tratamento activo contra o cancro,por regra xeral, e de acordo coas recomendacións do 16 de xullo de 2021 do Ministerio de Sanidad e o Ministerio de Universidades para o curso 2021-2022, terá dereito a recibir a docencia correspondente de forma virtual, atendendo á idiosincrasia e especificidades de cada materia.
2. Decídese que nos servizos administrativos terán prioridade na atención as persoas que soliciten cita previa, atendendo tamén os casos de asistencia sen cita previa se hai ocos.
3. Permítese retomar progresivamente a celebración de actos académicos, sempre mantendo o principio de prudencia, e observando estritamente en todo caso as instrucións, protocolos e limitacións de aforos internas e externas establecidas polas autoridades.

José Luis Míguez comenta que estas decisións non se toman por capricho na comisión, pero ante a pregunta dun profesor a este respecto, elévanse ao Consello de Goberno.

Apróbanse estes acordos por asentimento.



**13. Nomeamento, se procede, dun ou dunha vogal da Comisión de Permanencia e Progreso.**

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria quen indica que a vacante é no sector de decanos/directores. Propónse a Consuelo Currás Valle.

Apróbase por asentimento o seu nomeamento.

**14. Nomeamento, se procede, dun ou dunha vogal da Comisión de Publicacións.**

O reitor cede a palabra ao secretario xeral, quen indica que se trata dunha vacante no sector de estudantes e o reitor propón, por suxerencia do director do Servizo de Publicacións, á alumna de doutoramento Claudia de la Iglesia Sanjuán.

Apróbase por asentimento o seu nomeamento.

**15. Elección de representantes na Comisión de Estudos Propios: 1 estudante.**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

**16. Elección dos/as seguintes representantes no Comité de Dirección da EIDO: 1 PAS; 1 estudante do ámbito Campus do Mar; 1 estudante do ámbito Científico, 1 estudante do ámbito de Humanidades.**

O reitor indica que non se presentaron candidaturas polo que non procede celebrar eleccións.

**17. Quenda de intervencións.**

O reitor abre a quenda de intervencións indicando que se está a estudar solucións para non sobrecargar a representación do alumnado en postos vacantes de comisións.

Antonio Ramos Vázquez pregunta por un decreto de docencia universitaria recentemente aprobado sobre o acceso a certos mestrados, en particular, de enxeñaría industrial, e se existe xa algunha planificación. O reitor indica que foi unha petición da Universidade de Vigo e outras politécnicas, tras unha rolda de consultas coas escolas, onde houbo diversidade de opinión (todas posiblemente harmonizables, segundo a normativa aprobada) e que se tratará de implantar o antes posible. O vicerreitor de Organización Académica e Profesorado indica que haberá que preparar seis ou sete normativas a este respecto, que se fará o antes posible. O representante de alumnado comenta incidencias sobre o calendario de matrícula do presente curso, que entende provocou certas situacións caóticas. Pide que non se estenda tanto. O reitor indica que houbo que facer fronte ao peche da Universidade en agosto xunto con outros retrasos derivados da pandemia, o que confirma o vicerreitor de Organización Académica e Profesorado.



Sen máis asuntos na orde do día, remata a sesión ás 11:10 h do día 01 de outubro de 2021, da que eu como secretario xeral dou fe, co visto e praxe do reitor.

O reitor

O secretario xeral